

# Luzes

Nº 116 | 2023 12€

## Internacional

### O inferno de Vekrhní Lars

Relato dun dos centos de miles de rusos que tentaron saír do país cando Vladimir Putin decretou a mobilización xeral.

## Reportaxe

### Contra os soños negros

Unha rede de iniciativas no rural, Aldear, reivindica a cultura creada fóra dos habituais ámbitos urbanos.

## Entrevista

### Massuda Kohistani

A activista afgá relata a situación das mulleres baixo o reinstaurado poder talibán e tamén a súa vida como exiliada en Europa.

## É a educación, paspán


A idade de acceso ao porno son agora os oito anos. O 11,7% da xente nova, rapaces e rapazas, considera que a violencia de xénero é un invento ideolóxico. Así, non é de extrañar que os delitos sexuais vaian en aumento. A educación sexual debería ser un freo á cultura da violación.

r

República


Devolverle a luz a Francisco Miguel. Paso, trote e galope de Ataque Escampe. Centenario de Ousmane Sembène, pai do cine africano. Entrevista con Marcos Lorenzo.

9 772387 143014 00116



# Sumario


- 3 Manifesto  
**O señor Brecht, despois das eleccións**
- 6 Cartafol  
**Facer o amor, facelo con xeito**
- 8 Toxos e Flores  
**A dereita excesiva**  
Manuel Rivas  
**Xestión do lixo**  
Xosé Manuel Pereiro  
Ilustración Javi Prieto
- 10 Aquí un amigo  
**Manuel Baltar, o corazón da Xunta late en Ourense**  
Iván Olmos Ferreiro | Ilustración de Raúl



- 12 Reportaxe  
**Vekrni Lars: un inferno para fuxir da mobilización rusa**  
O pasado mes de setembro, Vladimir Putin decretou unha mobilización que afectaba a praticamente todos os rusos en idade militar. Inmediatamente, centos de milleiros de persoas tentaron sair do país. Este é o relato dun destes fuxitivos.  
Brais Suárez | Fotografías de Vlad

- 19 Ás ceibas  
**Quens/Paraíso**  
Henrique Monteagudo
- 20 Reportaxe  
**Nin santas nin frescas, a educación sexual como freno á cultura da violación**  
A idade media na que os rapaces consumen pornografia baixou aos oito anos. Soamente unha educación sexual realista e proactiva pode frear unha cultura sexual baseada no sometimento das mulleres.  
Laura Batista
- 27 Ás ceibas  
**O acordo na folga médica, sen efectos na atención sanitaria**  
Ramón Veras Castro

- 28 Hic sunt dracones  
**Sanjenjo, mon amour**  
Antón Losada | Ilustración de Leo Sousa



- 30 Reportaxe  
**Contra os soños negros**  
Entre as penas ás que parece condenado o mundo rural galego está a da anomía cultural. Unha chea de iniciativas revelan que as aldeas non son soamente destinos de contidos culturais, senón lugares activos de creación.  
Lois Pérez

## Luzes

Número 116  
maio de 2023

ISSN 2387-1431  
Dep. legal C 115-2014

Todos os dereitos sobre os contidos  
pertencen aos seus autores

Dirección  
Manuel Rivas  
Xosé Manuel Pereiro  
dirección@revistaluzes.com  
Coordinación  
coordinadora@revistaluzes.com  
Maquetación e deseño  
María Luaces  
Deseño web  
Danimago  
Proxecto gráfico orixinal  
NUMAX

Comité de redacción  
Lois Alcayde Dans  
Ana Luís Bouza Santiago  
María Bragado  
Ana Cermeño  
Suso Iglesias  
Juan Janeiro  
César Lorenzo Gil  
Antón Losada  
Rosalía Macías  
Cláudia Morán  
Juan Oliver  
Marta Otero Mayán  
Luis Pardo  
Valeria Pereiras  
Lois Pérez  
Marta Veiga Izaguirre

Coordinación web  
Xosé Manuel Pereiro  
info@revistaluzes.com  
Administración  
Manuel Pereiro  
administracion@revistaluzes.com  
Publicidade  
Clara de Vargas  
marketing@revistaluzes.com  
Subscriptions  
Clara de Vargas  
subscriptions@revistaluzes.com

Consello editorial  
Manuel Bragado, Débora Campos, Jonathan Dunne, Antón Losada, Antón Patiño, Xoán Antón Pérez-Lema, Martine Silber  
Impreso en Galicia  
Tórculo

www.revistaluzes.com  
www.luzes.gal  
info@revistaluzes.com

Santa Luisa de Marillac 9,  
baixo C · 15002 A Coruña



# República

- 64 Reportaxe  
**Devolverlle a luz a Francisco Miguel**  
Reivindicación do pintor coruñés, asasinado en 1936.  
Da súa obra de vanguarda, e dos seus restos, ocultos nun cemiterio de Carballo.  
Francisco X. Fernández Naval, Carmela Galego e Correa Corredoira
- 70 Reportaxe  
**Paso, trote e galope de Ataque Escampe**  
O grupo compostelán saca á luz *Cabalgata*, o seu oitavo disco dunha traxectoria na que se combinan a solidez e a innovación.  
Aida L. Rossell | Fotografías de David Silva
- 76 Reportaxe  
**Ousmane Sembène: Ver máis, ver antes**  
Repasso sobre a traxectoria vital como activista e a enorme creatividade de quen é considerado o pai do cinema africano, no ano do centenario do seu nacemento.  
Martin Pawley
- 80 Entrevista  
**Marcos Lorenzo. Verdades simples para explicar o que son as cousas**  
Conversa co antropólogo e xestor cultural sobre o seu libro *Enser*, unha obra a medias entre o ensaio, o aforismo, a poesía e un intento de comprender o mundo de hoxe.  
Silvia López | Fotografías de Kiko Delgado
- 85 Biblioteca Atlántica  
*Historia de Cronopios y de famas.*  
Actualidade de Cortázar  
Xavier Queipo
- 86 As libreiras  
As lecturas recomendadas de Alejandra de Diego, Lita Cutrín, Mercedes Corbillón e José Corderí.

- 37 Ás ceibas  
**Ventos de Sabucedo**  
Celso Rodríguez Sanmartín
- 38 7 Estralos  
**Que nos adebeda o Goberno do Estado?**  
Xosé Antón Pérez-Lema
- 40 Entrevista  
**Massuda Kohistani**  
«Aquí estou viva, pero non teño vida»  
Conversa coa activista afgá, refuxiada en España desde que os talibás volveron tomar o control do seu país, e que percorre todo o estado denunciando a crueza do control do réxime islamista sobre as mulleres.  
Sofía Caamaño Deus | Fotografías de Amnistía Internacional
- 47 Ás ceibas  
**Novas músicas para lugares transformados**  
Javier Trigales
- 48 Profundidade de campo  
**Tradicións 2. Queer**  
Icilia Vázquez Rodríguez
- 56 A outra xente  
**A vida cantada ven de ser convocada!**  
Antonio Sandoval Rey
- 58 O pobo elixido  
**Unha zarina en Lugo**  
Catarina Pollini
- 60 Querido fantasma  
**O meu diario de liberación**  
Ana Luisa Bouza
- 89 Creación  
**Primeiro foi o verbo**  
Ánxel Vázquez de la Cruz
- 94 Retrovisor  
**Fillas de Cassandra**
- 96 A franquear en destino  
**Fernando Choucinho**
- 97 Lectoras & Lectores
- 98 Retrancos  
**Castelao XXI**  
Kiko da Silva




Ilustración da capa  
de AdobeStock

Xosé Antón Pérez-Lema  
Avogado

# Que nos adebeda o Goberno do Estado?

Galicia representa aproximadamente o 5,5% do PIB e o 5,2 da poboación estatal. Ademais, moitos dos alicerces da economía galega (construcción naval, complexo mar-industria, gandería de vacún para carne e produtos lácteos...) son prescindíbeis para o Estado. Velaí que para Galicia a chave do benestar sexa o autogoberno. A máis autogoberno, máis calidade de vida para galegos e galegas. Esta primavera cumprese 42 anos da vixencia do Estatuto de Galicia (EAG). Porén, algunas das atribucións competenciais que operou non teñen sido aceptadas, recoñecidas ou implementadas pola Administración do Estado.

### 1 Como se incorporan as competencias recoñecidas no Estatuto á capacidade normativa e/ou executiva do Poder Galego?

Todas as competencias recoñecidas ao Poder Galego no EAG enténdense asumidas no mesmo intre da súa entrada en vigor, en marzo de 1981. Algunhas delas son partilladas, correspondéndolle ao Estado a lexislación básica e á Xunta o desenvolvemento lexislativo e a execución, por exemplo. Outras son concorrentes; neste xeito Galicia ten competencias exclusivas na agricultura e gandería, comercio interior e fomento empresarial, mais estas concorren coa competencia exclusiva estatal para decidir as bases e ordenamento da actuación económica xeral. Isto obriga a un complexo xogo que en última instancias adoita resolvelo o Tribunal Constitucional a xeito de árbitro caseiro, estendendo as competencias efectivas do Estado e minguando as propias do Poder Galego. Para que esta atribución competencial sexa efectiva cómpre que o Estado lle transfira á Xunta os medios materiais (recursos orzamentarios, subrogación en contratos) e humanos (empregados públicos) precisos para que poida exercelas. Velaí o xogo do que se coñece como «transferencias», que se refiren a esos medios e servizos (non ás competencias en si mesmas, xa atribuídas estatutariamente), que se deciden no seo dunha Comisión Mixta de Transferencias compartida ao 50% por ambas as dúas Administracións.

**2 Como adoitou e adoita actuar o Estado no traspaso de medios e servizos a Galicia?**  
É comúñ ao proceso de traspaso de medios e servizos a Galicia, Euskadi e Catalunya (e a outros territorios) unha actitude por parte da Administración do Estado, ás veces de incumprimento manifesto, outras de cumprimento defectuoso, parcial e inzado de toda caste de eivas e chatas. Un exemplo referido a Euskadi. O seu Estatuto está vixente dende a fin de 1979. Xa que logo, operouse xa daquela a atribución competencial á Comunidade Autónoma vasca da organización, réxime e funcionamento das prisións e da execución da lexislación penitenciaria estatal. Pois ben, o traspaso efectivo dos medios e servizos precisos, o traspaso das prisións, dos seus orzamentos e dos seus empregados públicos só se fixo efectivo o 1 de outubro de 2021... case 42 anos despois da atribución competencial estatutaria!. Para a Administración do Estado (goberne PP ou PSOE) incumprir a lei, incumprir os Estatutos de Autonomía é algo bo e xustificado pola defensa da unidade de España. Esta idea aínda está máis presente nos altos funcionarios e nos *media* de Madrid, até chegarmos na capital do Estado a un *mainstream* que equipara os requirimentos autonómicos para que se cumpra cos Estatutos e coa propia Constitución, para que se cumpla coa legalidade, con pedimentos egoístas, vencellados a supostas redes de cacicados e corrupción, cando non a reivindicacións independentistas que atentan contra a unidade do Estado.

**3 Que competencias atribuídas ao Poder Galego polo EAG aínda non son efectivas pola falla de traspaso dos medios e servizos adscritos á súa xestión pública?**  
Dende a vixencia do EAG algunas das competencias atribuídas a Galicia non son efectivas pola falla dos medios e servizos cos que o Goberno do Estado as xestionan. Cómpre salientar, neste xeito: o ordenamento do litoral (artigo 27.3 EAG); o traspaso da AP-9 e da AP-53 por decorrer integralmente no territorio galego (artigo 27.8 EAG *in fine*); as liñas de alta tensión (LAT) Mesón do Vento-As Pontes e As Pontes-San Cibrao (artigo 27.13 EAG *in fine*); o ordenamento do sector pesqueiro (artigo 28.5 EAG); a Inspección de Traballo (derivada do artigo 29.1 EAG); competencias de execución en salvamento marítimo (artigo 29.3 EAG); Inspección da Seguridade Social (artigo 33.2 EAG *in fine*) ou a xestión do seu réxime

económico no territorio galego (artigo 33.2 EAG). Tamén a xestión de bolsas e axudas ao estudo e a xestión dos museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal (traspasos de servizos pactados xa polo vicepresidente Anxo Quintana en decembro de 2008 e que nin Alberto Núñez Feijóo nin Alfonso Rueda nunca quixeron asumir nestes case 15 anos).


## 4

### Que esixe do Goberno do Estado o recoñecemento da competencia en ordenamento do litoral?

Cómpre salientar, deste xeito: o ordenamento Galicia ten competencia exclusiva no que atinxer ao ordenamento do litoral, tanto lexislativa como executiva. O Estado ten recoñecido como bens de dominio público estatal as praias e a zona marítimo-terrestre e ten tamén a competencia para ditar lexislación básica ambiental.

Isto quere dicir que a xestión do dominio público marítimo-terrestre e máis a execución da lexislación de costas e demás lexislación sectorial perténcelle ao Poder Galego, o que habería implicar o inmediato traspaso a Galicia de todos medios, servizos, empregados públicos e recursos económicos da Demarcación de Costas do Estado na Galicia e dos Órganos Directivos do Ministerio de Fomento competentes neste eido, territorializándooos e transferindo a Galicia a cota parte.

Canto á lexislación sobre actividades no litoral o Parlamento de Galicia é libre de decidila, cos únicos límites de non desnaturalizar o dominio público e respectar a lexislación ambiental básica do Estado.



## 5

### Esixe o Estatuto de Galicia transferir a Inspección de Traballo e máis a Inspección da Seguridade Social?

Cómpre salientar, deste xeito: o ordenamento ao abeiro do artigo 37.3 EAG as competencias de execución na Comunidade Autónoma de Galicia levan implícitas cadansúas potestades regulamentaria, administrativa e de inspección. Pola súa banda, o artigo 29.1 EAG atribuíulle ao Poder Galego a execución da lexislación estatal a respecto das relacións laborais. E o artigo 33.2 reconceulle as competencias de desenvolvemento lexislativo e execución no eido da Seguridade Social. Velá que a Inspección de Traballo e Seguridade Social operante no territorio da Galicia habería ser integralmente traspasada con todos os seus medios materiais, económicos e humanos, como esixiu en 2007-

2008 o goberno de coalición PSdeG-BNG por medio do vicepresidente Anxo Quintana e da directora xeral de Relacións Laborais, Pilar Cancela.

## 6

### Hai alicerces estatutarios para esixir do Poder Central o traspaso dos medios e servizos adscritos á xestión do salvamento marítimo e do ordenamento

do sector pesqueiro? Cómpre salientar, deste xeito: o ordenamento O artigo 29.3 EAG atribúelle ao Poder Galego a competencia executiva no eido do salvamento marítimo, o que comporta (artigo 37.2

EAG) as potestades regulamentaria, administrativa e de inspección nesta materia. Por outra banda, o artigo 28.5 EAG atribúelle a mesma competencia e máis a de desenvolvemento lexislativo da normativa básica estatal no ordenamento do sector pesqueiro. Xa que logo, terían que serlle traspasados á Xunta todos os medios e servizos materiais, económicos e humanos adscritos na Galicia a estas actividades públicas e máis a cota territorializada dos recursos que se invisten con carácter global de Estado nestas materias.

## 7

### É a culpa toda do Goberno do Estado? Non hai casos de falla de desenvolvemento estatutario pola nosa inacción? Cómpre salientar, deste xeito: o ordenamento de determinadas competencias estatutarias non están desenvolvidas pola inacción da Xunta, sempre gobernada polo PP agás nos curtos períodos 1987-89 e 2005-2009.

Deste xeito, a competencia estatutaria de creación dunha Policía Autonómica (artigo 27.25 EAG) que mirase pola nosa seguridade pública non foi desenvolvida até a Lei que creou no 2007 a Policía de Galicia, promovida polo goberno de coalición PSdeG-BNG. Esta lei dispuxo o traspaso dos medios, servizos e funcionarios da Unidade da Polícia Nacional adscrita desde 1990 á Xunta, mais o presidente Núñez Feijóo conxelou a súa aplicación, nun nido incumprimento da lei, prexuízo aos funcionários da Unidade e detrimento dunha seguridade pública que require ser xestionada dende a proximidade.

Tamén están incumpridas as previsions dunha organización territorial galega que recoñecese e regulase as comarcas e parroquias rurais (artigo 27.2 EAG) e a coordinación das Deputacións coa Xunta de Galicia (Disposición Adicional 3<sup>a</sup>.1 EAG). O presidente Fraga Iribarne derrogou, neste senso, no 1997 a lei promovida polo conselleiro nacionalista Pablo González Mariñas que fora aprobada no 1989.